

Convocatoria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade para o xoves, 17 de outubro, ás 18.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, debe realizar sesión ordinaria os xoves da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade en sesión **ordinaria**, para o **día 17 de outubro de 2019**, ás 18:00 horas, coa seguinte orde do día:

1. 2019/12H/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de setembro de 2019

2. 2019/10147R PRESIDENCIA

Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno do 23 de setembro de aprobación da programación anual da Escola de Danza e fixación de prezos públicos para o curso 2019-2020.

3. 2019/10527J PRESIDENCIA

Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno do 26 de setembro de 2019, de aprobación da fixación dos prezos públicos do Festival de Cine de Ourense-OUFF 2019

4. 2019/4074M PRESIDENCIA

Nomeamento do xurado para a XVI edición do Premio Pura e Dora Vázquez de Narración e Ilustración de Literatura Infantil el Xuvenil (modalidade de ilustración)

5. 2019/11316C NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción conxunta do Grupo Popular e Democracia Ourensana relativa á concesión da medalla de ouro ao lexicógrafo ourensán Isaac Alonso Estraviz

6. 2019/11317K NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista para o compromiso de excelencia da Deputación

Provincial coa memoria histórica de Ourense

7. MOCIÓNS DE URXENCIA.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.